

## MES DA CIENCIA E DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

Os equipos de dinamización da lingua galega colaboran coas bibliotecas escolares na elaboración de todo tipo de actividades para estimular a lectura e apoiar a aprendizaxe; nos últimos tempos, van adquirindo cada vez máis importancia as relacionadas coa celebración do Mes da Ciencia: obradoiros de experimentos, conferencias, exposicións, antoloxías, guías de lectura, álbums ilustrados, libros lim, carteis, concursos, espectáculos, audiovisuais... Moitas delas están inseridas no marco de ambiciosos proxectos de carácter interdisciplinario que implican a toda a comunidade educativa. Deste xeito, contribúen a converter estes espazos nun motor de divulgación científica e de dinamización da lingua galega e a facer agromar nos rapaces e rapazas o pracer do coñecemento científico e da experimentación.

Algúns exemplos do labor dos equipos de dinamización da lingua galega nas bibliotecas escolares son os seguintes:

- actividades de ficción e ciencia:  
<http://etikeles.blogaliza.org/2016/04/25/sopa-de-medusa-e-plastico-eou-un-oceano-de-amor/>

- traballos por proxectos:  
<http://dinamiznormaliza.blogspot.com.es/2016/01/as-bolboretas-son-investigadores.html>

- exposicións sobre mulleres matemáticas:  
<http://bibliochans.blogspot.com.es/2016/03/mulleres-matematicas.html>

- compilacións de poesía:  
<https://issuu.com/bibliotecadocole/docs/meteopoemas>

Pódense ver moitos exemplos máis no espazo destinado aos EDLG do web da Secretaría Xeral de Política Lingüística:

<http://www.lingua.gal/o-galego/promovelo/equipos-de-dinamizacion-da-lingua-galega/datas-sinaladas>

## MES DA CIENCIA EN GALEGO NAS BIBLIOTECAS ESCOLARES

Nos últimos tres anos véñense realizando campañas de impulso das ciencias nas bibliotecas escolares de Galicia, promovidas desde a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Asesoría de Bibliotecas Escolares. Estas campañas realizadas puxéronse en marcha baixo os seguintes lemas: “Ler Ciencia na biblioteca escolar” (curso 2013-2014), “Biblioteca escolar... Matemático!!!” (curso 2014-2015) e “Biblioteca escolar, base de exploracións” (curso 2015-2015). Como froito destas campañas resultaron innumerables actividades, propostas de traballo de investigación e, en definitiva, lecturas sobre temas científicos, que promoveron estas disciplinas e a súa presenza nas escolas e a investigación sobre a ciencia. A campaña actual segue unha liña complementaria á dos cursos anteriores, co ánimo de equilibrar o coñecemento, o traballo e a investigación das ciencias e as humanidades; así o novo lema proposto para o curso 2016-2017 é “Biblioteca escolar. Territorio das Artes”.



## RECOMPILACIÓN DE MATERIAIS DE CIENCIA EN GALEGO

O programa de maletas viaxeiras ofrécelle aos centros educativos uns recursos en préstamo, seleccionados por temáticas, que poden resultar de interese para completar temporalmente os seus fondos. Entre estes materiais, varias maletas con libros e audiovisuais de temática científica.

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/maletas/>

### Maletas de ámbito científico

- Economía
- Ciencias Primaria
- Ciencias Secundaria
- Física e Química
- Bioloxía e Xeoloxía
- Matemáticas Primaria
- Matemáticas Secundaria

## WEB: CIENCIA EN GALEGO NAS BIBLIOTECAS

Para apoiar a conmemoración do mes de novembro como Mes da Ciencia en Galego nas Bibliotecas, desde a Asesoría de Bibliotecas Escolares mantense un portal cunha selección de materiais relacionados coa ciencia en galego: espazos web de contido científico, pá-

xinas web de asociacións profesionais ou temáticas, recursos descargables, revistas, boletíns, experiencias de traballo coas ciencias en bibliotecas escolares...

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/ciencia/>

## CIENCIA EN GALEGO NAS BIBLIOTECAS – LIBROS INFORMATIVOS

Desde a Asesoría de Bibliotecas Escolares compartimos e mantemos actualizada unha selección do libros que podemos atopar de divulgación científica publicados en lingua galega, tan demandados desde as bibliotecas escolares nas achegas que recibimos. Para materializar esta difusión contamos cun taboleiro en Pinterest.

<https://es.pinterest.com/bescolaresgal/ciencia-en-galego-nas-bibliotecas-libros-informati/>

## PROXECTO PILOTO: ESCORNABOTS NA BIBLIOTECA ESCOLARES

As bibliotecas en xeral, e tamén as escolares, están a vivir importantes transformacións e unha das máis importantes é a de acoller todo tipo de actividades nas que as persoas usuarias poden atoparse, compartir espazo para pensar, deseñar, facer, construír e aprender xuntas, na liña dos makerspaces ou dos laboratorios de ideas. Na actualidade, as bibliotecas escolares inclúen o traballo e aprendizaxe con todo tipo de linguaxes (oral, escrita, icónica, audiovisual, artística...). Neste contexto da alfabetización múltiple encadramos unha iniciativa destinada a introducir nas bibliotecas escolares a linguaxe da programación, impulsando a utilización de pequenos robots en actividades destinadas a mellorar a comunicación lingüística do alumnado, a expresión oral, a creatividade, o traballo colaborativo, a investigación, a aprendizaxe manipulativa e o xogo.

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=node/885>

## TRABALLOS POR PROXECTOS

No curso 2015-2016 lanzouse o III Concurso de Traballos por Proxectos, con dúas modalidades: realización de traballos de carácter interdisciplinario ou Proxectos Documentais Integrados (PDI) coordinados desde a biblioteca escolar, e a realización de proxectos de investigación dirixidos por profesorado dun grupo, nivel, ciclo ou departamento.

Debido á influencia das campañas de lectura sobre as temáticas científicas dos últimos anos, xurdiron para esta convocatoria numerosas solicitudes, que centran precisamente os seus traballos sobre a ciencia.


<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=node/853>



galicia

## MES DA CIENCIA!

Consulta todas as datas na axenda de Cultura de Galicia:  
[www.cultura.gal/axenda](http://www.cultura.gal/axenda)



# NOVEMBRO MES DA CIENCIA EN GALEGO NAS BIBLIOTECAS

## MES DA CIENCIA 2016 LER E VIVIR A CIENCIA EN GALEGO!

Programación de actividades de divulgación científica, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



XUNTA DE GALICIA



## MES DA CIENCIA NAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS

### BIBLIOTECA DE GALICIA

5 de novembro, de 17:00 h a 19:00 h, na Aula I

**Obradoiro para conmemorar o ano internacional dos legumes**

Organiza a Unidade de Cultura Científica CSIC Galicia, co apoio da Misión Biolóxica de Galicia, para sensibilizar a poboación sobre as vantaxes nutricionais dos legumes.

Para todos os públicos a partir de 6 anos. Inscripción previa ata completar as 65 prazas, na web [www.cidadedacultura.gal](http://www.cidadedacultura.gal)

12 de novembro, de 17:00 h a 17:30 h, na Aula I

**Ti tamén podes facer divulgación científica!**

Obradoiro organizado pola Asociación de Divulgadores Científicos para aprender como se fai ciencia e como transmitila dunha maneira áxil e divertida.

Para nenos e nenas de 8 a 14 anos. Inscripción previa ata completar as 45 prazas, na web [www.cidadedacultura.gal](http://www.cidadedacultura.gal)

19 de novembro, de 17:00 h a 17:30 h, na Aula I

**Que é iso das invasións biolóxicas? Imos explicalo entre todos**

Obradoiro organizado pola Asociación de Divulgadores Científicos para aprender un pouco máis sobre este fenómeno biolóxico.

Para nenos e nenas de 8 a 14 anos. Inscripción previa ata completar as 45 prazas, na web [www.cidadedacultura.gal](http://www.cidadedacultura.gal)

26 de novembro, de 17:00 h a 19:00 h, na Aula I

**Sobrevivir nunha apocalipse zombicos métodos do paleolítico**

Obradoiro de arqueoloxía experimental, organizado pola Unidade de Cultura Científica CSIC Galicia coa colaboración do Instituto de Ciencias del Patrimonio.

Para rapaces e rapazas de 12 a 18 anos. Inscripción previa ata completar as 55 prazas, na web [www.cidadedacultura.gal](http://www.cidadedacultura.gal)

### BIBLIOTECA PÚBLICA DA CORUÑA MIGUEL GONZÁLEZ GARCÉS

Do 3 ao 22 de novembro

**Ecosistemas dunares do litoral galego**

Exposición para divulgar os valores naturais dos ecosistemas dunares, producida pola Federación Ecoloxista Galega (FEG) e pertencente ao programa de exposicións itinerantes do CEIDA.

5 de novembro ás 12:00 h na sala infantil

**A ciencia en contos**

Obradoiro creativo para crear, gozar e compartir a túa propia historia con CreAPPcuento.

Para nenos e nenas de máis de 6 anos. Inscripción previa na biblioteca (prazas limitadas).

19 de novembro ás 12:00 h na sala infantil

**Ouro parece**

Obradoiro creativo de ciencia e física óptica con Antonio José Rodríguez Fernández, de Imasv.

Para nenos e nenas de máis de 6 anos. Inscripción previa na biblioteca (prazas limitadas).

### BIBLIOTECA PÚBLICA DE LUGO

11 de novembro, ás 18.00 h na sala multiúsos

**A fábrica de aromas**

Obradoiro con Ciencia divertida.

Para nenos e nenas de 4 a 11 anos. Inscripción previa na biblioteca (25 prazas).

18 de novembro ás 18:00 h no salón de actos

**Megaciencia**

Espectáculo de maxia&ciencia con David Méndez.

Para todos os públicos.

25 de novembro ás 16:30 h no salón de actos

**As bases xenéticas do cancro**

Charla de divulgación científica de Ángel Carracedo Álvarez.

Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

Todo o mes de novembro

**Mostras bibliográficas**

**Ciencias forenses e criminoloxía** no vestíbulo da biblioteca.

**Matemáticas cotiás** na sala de préstamo.

### BIBLIOTECA PÚBLICA DE PONTEVEDRA ANTONIO ODRIUZOLA

5 de novembro ás 11:30 h na sala de talleres

**Outra realidade: gafas 3d**

Obradoiro para traballar coa realidade el 3D a cargo de Imasv.

Para nenos e nenas a partir de 9 anos. Inscripción previa.

25 de novembro ás 18:00 h na sala de talleres

**Última hora: escape de gas controlado na biblioteca**

Obradoiro de experimentos con globos a cargo de Científica Quimi.

Para a nenos e nenas de 4 a 9 anos acompañados dunha persoa adulta. Inscripción previa.

Todo o mes de novembro

**Mostras bibliográficas**

**Lendo entre dinosauros** no espazo da sala infantil.

**A ciencia ao alcance de todos: a difusión científica** na sala de exposicións.

### BIBLIOTECA PÚBLICA DE OURENSE

12 de novembro ás 12:00 h na sala infantil

**Divir-tt coa Ciencia**

Actividade que achega as rapazas e os rapaces á ciencia por medio de experimentos sinxelos e divertidos, a cargo de Greta e David.

Para nenos e nenas de 7 a 12 anos. Inscripción previa (20 prazas).

### BIBLIOTECA PÚBLICA DE VIGO JUAN COMPAÑEL

3 de novembro ás 18:30 h na sala infantil

**Descubrinto o mar profundo**

Contacontos, xogos e adiviñas sobre o mar, con Uxía Tenreiro López.

Para nenos e nenas de 3 a 8 anos.

8 de novembro, ás 19:00 h na sala multiúsos

Presentación do libro **Ángeles Alvaríño González, investigadora marina de relevancia mundial**, a cargo de Alberto González Garcés.

Para todos os públicos. Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

9 de novembro ás 18:30 h na sala infantil

**Facendo, vendo e xogando co mar**

Actividade para investigar como saber a idade dos peixes e como se adaptan ao hábitat, con Esther Román e María Saínza.

Para nenos e nenas de 7 a 9 anos.

11 de novembro ás 18:00 h na sala infantil

**Viaxes espaciais**

Charla de Teo Boo sobre onde estamos e onde queremos chegar na exploración do Sistema Solar.

Para nenos e nenas a partir de 6 anos.

15 de novembro ás 19:00 h na sala multiúsos

**Utilización de organismos centinela para avaliar a contaminación mariña**

Conferencia de Victoria Besada sobre a contaminación mariña.

Para todos os públicos, entrada libre ata completar a capacidade da sala.

18 de novembro ás 18:00 h na sala infantil

**Contos de legumes cun chisco de ciencia**

Actividade organizada polo Instituto de Investigacións Mariñas IIM-CSIC de Vigo en colaboración coa Unidade de Cultura Científica do CSIC en Galicia para chegar os legumes ao público a través da lectura de contos.

Para nenos e nenas de 6 a 8 anos.

19 de novembro ás 12:00 h na sala infantil

**Magiciencia**

Contacontos con de David Méndez.

Para nenos e nenas a partir de 3 anos.

23 de novembro ás 19:15 h na sala de proxeccións

**Divulgar: curtas científicas.** Luis Navarro.

Proxección de curtas sobre natureza e presentación do Proxecto Divulgar.

Todos os públicos.

Todo o mes de novembro

Exposición **Pescando a lápis** de Gerardo Fernández Carrera.

No espazo de exposicións.

### BIBLIOTECA PÚBLICA DE SANTIAGO ÁNHEL CASAL

Ciclo de actividades adicadas á Astronomía, en colaboración co Observatorio Astronómico Ramón M<sup>a</sup> Aller, da USC.

7 de novembro ás 20:30 h

**Observación do ceo nocturno con telescopio**

Inscripción previa (50 prazas).

9 novembro de 18:30 h a 19:30 h no salón de actos

**Obradoiro infantil de astronomía**

Para a nenos e nenas de 4 a 6 anos. Inscripción previa (20 prazas).

16 novembro de 18:30 h a 19:30 h no salón de actos

**Obradoiro infantil de astronomía**

Para nenos e nenas de 7 a 10 anos. Inscripción previa (20 prazas).

23 de novembro ás 18:00 h

**Obradoiro infantil de astronomía**

Para nenos e nenas de 11 a 14 anos. Inscripción previa (30 prazas).

10 e 17 de novembro ás 10:00 h, no salón de actos

**Obradoiros científicos para os máis pequenos**

Obradoiros científicos para os máis pequenos con *Ciencia divertida*, nos que participará o alumnado de colexios de Santiago de Compostela. Acceso restrinxido.

- 10 de novembro **Observando como científicos**

- 17 de novembro **Chispas**

Sábado 12 de novembro ás 12.00 h no salón de actos

**Ciencia Ilusión: a ilusión da ciencia**

Espectáculo de ciencia a cargo de La Nube Teatro.

Dirixido a un público familiar.

22 de novembro ás 19.00 h no salón de actos

**A revolución xenómica**

Charla de divulgación científica de Ángel Carracedo Álvarez.

Entrada libre ata completar a capacidade da sala.

Todo o mes de novembro

**Mostras bibliográficas**

**Mes da Astronomía** na sala infantil.

**Biblioteca científica: o abc da ciencia** no 3º andar.

### Texto da arquitecta Isabel Aguirre de Urcola con motivo da celebración do Mes da Ciencia

“Solo el que sabe es libre, y el que más sabe es más libre”. Miguel de Unamuno

Encántame a definición da ciencia como un sistema de coñecementos ordenados. Cando os nenos preguntan insistentemente, “por que?”, están establecendo as bases dos seus coñecementos. Amplialos e ordenalos será unha tarefa que poderá enriquecelos ao longo da súa vida. Porque unha das marabillas do pracer de aprender é que nunca se termina de aprender.

Penso que todos nós deberiamos de ser conscientes de que construír un futuro para o noso país é construír un futuro para o mundo, e esa construción haberá de basearse na sabedoría daqueles que nos precederon, pero tamén na daqueles que están a traballar, a investigar e a descubrir todos os días.

Os coñecementos científicos marcan a historia da humanidade no seu sentido máis amplo, xa que esta non podería entenderse se non o fose dende o desenvolvemento da tecnoloxía baseada sempre na ciencia: dende a agricultura á máquina de vapor e aos voos espaciais.



Foto Xurxo Lobato, exposición *Premios de María Josefa Wonenburger Planells*, Secretaría Xeral da Igualdade

Ao tempo, os humanos temos un instrumento único para á transmisión do coñecemento: a linguaxe. Unha linguaxe diversa e rica ao longo do mundo e que para os galegos é especialmente vantaxosa, xa que, unida ao noso irmán o portugués, podémonos entender con 280 millóns de habitantes, e aínda máis, cos 400 millóns que falan español. Somos ricos en número, está claro, pero ademais somos ricos en matices, en xiros, en sutilezas. Esta riqueza da nosa lingua estou certa de que nos axuda a ver o mundo dende a reflexión e a dúbida. Non é acaso esta actitude a clave para nos aproximar ao coñecemento?

A globalización na que vivimos é tamén outra enorme vantaxe para achegarnos ao coñecemento. Un coñecemento que está recollido basicamente na inxente bagaxe das nosas bibliotecas, a día de hoxe moitas delas públicas, e tamén, e cada vez máis, dende a facilidade das comunicacións informáticas. Hoxe vivimos en Galicia, e dende Galicia vivimos no mundo.

**Isabel Aguirre de Urcola**  
Arquitecta